

MEMORIA DE ACTIVIDADES

Persoal técnico e bolseiro da OdS*

Curso 2023-2024

*OMA ata 30/04/2024



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

MEMORIA DE ACTIVIDADES

Dirección Manuel Soto Castiñeira – ExDirector OMA-UDC
F. Javier López Rivadulla – Adxunto Sustentabilidade
Armand Hernández – Director OdS-UDC

Coordinación Martina Rey Dono - Técnica Oficina
Verónica Torrijos Pérez - Técnica Oficina

Edita Oficina de Sustentabilidade, Vicerreitoría de Infraestuturas e
Sustentabilidade (OdS – UDC)

Agradecementos Servizo de Asesoramento e Promoción do Estudante (SAPE)
Vicerreitoría de Estudantes, Participación e Extensión
Universitaria (VEPEU)

PERSOAL BOLSEIRO CURSO 2023/2024

OFICINA DE SUSTENTABILIDADE (OdS)

- Facultade de Ciencias (Química) Xoana Ares Fandiño
- Facultade de Ciencias (Biología) Nadisha Vinod Balani Mahtani

GREEN CAMPUS

- Facultade de Filoloxía e Turismo Inés Freire Candame
- Facultade de Ciencias (Biología) Matilde Navarro Lucea
- EU Arquitectura Técnica Victoria Yordanova Yordanova
- ETS Arquitectura Alba Torreiro Carro
- Facultade de Economía e Empresa Ana Guerra Redonda
- Facultade de Socioloxía María Quintana Quintela
- Facultade de Dereito Carla Fernández Riveira
- Facultade de Ciencias da Educación Daniela Antelo Varela
- Facultade de Ciencias da Saúde Amanda Silva Aneiros
- Facultade de Fisioterapia Sofía Cougil García
- Facultade de CC do Deporte e a E.F. Ferrán Oliveras Rivadulla
- Campus de Esteiro Manuel González Portela
Mireia Maneiro García


CURSO 2023/2024

ÍNDICE

- 1. COORDINACIÓN E RESPONSABILIDADES
- 2. DIVULGACIÓN
- 3. MOBILIDADE SUSTENTÁBEL
- 4. BIODIVERSIDADE E MONTE DA FRAGA
- 5. RESIDUOS
- 6. PROXECTO EDUCANDO PARA A SUSTENTABILIDADE
- 7. CAMPAÑAS DE AFORRO DE AUGA E PAPEL
- 8. OUTRAS ACTIVIDADES
- 9. PROGRAMA GREEN CAMPUS
- 10. A UDC NO RANKING GREEN METRIC 2023
- 12. RESULTADOS E VALORACIÓN DO CURSO 2023-2024

1. COORDINACIÓN E RESPONSABILIDADES

1.1. A Oficina de Sustentabilidade



A Oficina de Sustentabilidade (OdS) da Universidade da Coruña colleu o relevo da Oficina de Medio Ambiente (OMA) o 30/04/2024, día que se aprobou o cambio no Consello de Goberno da UDC. A oficina encóntrase situada no Edificio Xoana Capdevielle, no campus de Elviña, dependente da Vicerreitoría de Infraestruturas e Sustentabilidade.

Encárgase da coordinación e realización de diferentes actuacións de tipo ambiental e de sustentabilidade na Universidade.

Os obxectivos principais da OdS son a xestión ambiental e a sensibilización e participación da comunidade universitaria en materias relacionadas co medio ambiente e a sustentabilidade. Para o cumprimento dos seus obxectivos, a OdS realiza actuacións de divulgación ambiental en toda a Universidade, fomentando a participación e corresponsabilidade ambiental, e realizando proxectos sectoriais relacionados coa xestión da sustentabilidade ambiental. Tamén coordina grupos de traballo dentro da UDC para a mellora da sustentabilidade nos diferentes campus.

1.2. Dirección e persoal técnico

Durante o curso 2023/2024 a Oficina contou coa Dirección de Manuel Soto (ata 15/01/2024), F. Javier López (15/01-15/03/2024), e Armand Hernández (15/03/2024 en diante).

A Oficina contou con unha persoa PEC (contrato por proxecto) a tempo completo, e unha segunda persoa PEC durante os meses de xaneiro a abril 2024, para o desenvolvemento das accións estruturais deste servizo da UDC, da titorización das persoas bolseiras, en prácticas e voluntarias, e das campañas sectoriais de sensibilización ambiental e promoción da sustentabilidade entre a comunidade universitaria.



Imaxe: persoas participantes nunha das limpezas de praias organizada pola OMA-UDC en xaneiro 2024, ante a crise dos pellets do buque Toconao.

1.3. O persoal bolseiro

Cada curso académico a Vicerreitoría de Estudantes, Participación e Empregabilidade, a través do Servizo de Asesoramento e Promoción do Estudiante (SAPE), convoca diversas bolsas para a formación complementaria do estudiantado de Grao da Universidade. Entre elas atópanse as bolsas para a OdS e o programa Green Campus, cuxo obxectivo é ofrecer unha formación transversal en medio ambiente e sustentabilidade, dirixido a todas as disciplinas que se estudan na UDC.

No curso 2023/24 foron 15 estudantes que gozaron desta bolsa de formación: dúas persoas con tempo completo de dedicación a OdS (8h semanais), e as restantes ligadas ao Comité Ambiental de centro Green Campus.

O tempo de duración da bolsa estendeuse desde decembro de 2023 a maio de 2024.

O equipo estivo dirixido polos directores de OMA e OdS, e coordinado polas técnicas da oficina e persoas titoras Green Campus en cada escola ou facultade.

Para o bo funcionamento do equipo, empregáronse varias canles de comunicación:

- > Presencial: Reunións para definir accións, posta en común e dúbidas.
- > Telemática: Por correo electrónico e aplicacións de mensaxería instantánea, así como ferramentas online para a xestión de horarios e axendas.

As liñas temáticas que desenvolveu o persoal bolseiro no curso 2023/24 foron:

- Divulgación: Xestión das redes sociais da OdS e preparación de materiais para difundir as actividades, facer recomendacións e animar á comunidade universitaria a participar activamente na práctica da sustentabilidade e no coidado do medio ambiente.
- Xestións administrativas: Atención ao correo-e, colaboración na organización e atención de actividades (listas de asistencia, sacar fotos, facer crónicas), elaboración de certificados, entre outras.
- Residuos e compostaxe: Revisión periódica do proceso de compostaxe nas áreas dos comedores universitarios e campañas divulgativas para a recollida selectiva.
- Ecoauditorías: Estudos de caracterización de residuos e coñecemento de caudais de equipamentos consumidores de auga. Colocación de eco-etiquetas sinalizadoras.
- Acompañamento nas actividades de voluntariado ambiental: Este curso centrouse principalmente nas actividades no Monte da Fraga.
- Green Campus: Accións en rede cos comités ambientais das escolas e facultades da UDC, dispoñendo dun horario compartido entre bolseiros OdS e Green Campus.
- Proxecto Educando para a Sustentabilidade: A implicación do persoal bolseiro neste proxecto foi a través da convocatoria Marzo Ambiental 2024, colaborando na organización e asistencia ás actividades programadas.

1.4. Voluntariado Ambiental

En colaboración coa Oficina de Cooperación e Voluntariado (OCV-UDC), a OdS pode contar con persoal voluntario estable no curso, que pode escoller tema de dedicación recollido no [Programa de actividades de voluntariado ambiental da UDC](#), ou propor un tema específico e atendéndolle en función das posibilidades. Este programa está dirixido a toda a comunidade universitaria, incluíndo alumnado, e tamén PDI e PTXAS.

Durante o curso 2023/2024 a OdS contou con Sandra Lorenzo, alumna de mestrado na UDC que se implicou na acción voluntaria de outubro 2023 a abril 2024, dedicándolle 16 horas mensuais ás tarefas escollidas, principalmente limpeza de praias e ecofeminismo.



Ademais, existe a modalidade de voluntariado ambiental dedicándolle só xornadas puntuais, atendendo ás convocatorias de actividades que se publican na páxina web da OdS e nas redes sociais.

1.5. Prácticas externas

No mes de xullo de 2024 acolleuse a 2 persoas en prácticas, estudantes de Formación profesional para obter o certificado de profesionalidade “SEAG0211 XESTIÓN AMBIENTAL”, dirixido a persoas desempregadas na Comunidade Autónoma de Galicia. Claudia Carrasco e Adrián Fernández completaron con este programa 80 horas de formación práctica na OdS desenvolvendo a xestión de campañas de sustentabilidade como o servizo de préstamo de bicicletas ou a recompilación de evidencias do ránking Green Metric, entre outras tarefas que desenvolveron satisfactoriamente.

1.6. Recoñecemento de créditos

Tódalas actividades da OdS abertas á participación da comunidade universitaria estiveron acollidas ao recoñecemento de créditos para o estudiantado de Grao da UDC, baixo a [Resolución Reitoral 23/11/2023](#) da Universidade da Coruña, de maneira que por cada 10 horas de formación se opta ao recoñecemento de 1 crédito ECTS.

No presente curso 2023/2024 emitíronse **31 certificados** a estudantes que cumpriron coa dedicación horaria e implicación nas actividades organizadas para poder optar a este recoñecemento.

2. DIVULGACIÓN

A OdS conta con espazo web propio na páxina da UDC:

https://www.udc.es/gl/sociedade/medio_ambiente/

Accédese a través do apartado “Vida no Campus UDC”, a páxina estrutúrase en liñas temáticas e conta cun apartado de “Actualidade” onde se publican todas as convocatorias abertas á participación universitaria, entre elas o servizo de préstamo de bicicletas, hortas, voluntariado ambiental, e tamén publicacións de informes sectoriais.

Os servizos específicos (bicicletas, hortas, mobilidade) e as convocatorias de especial relevancia (Marzo Ambiental, Curso pegada ecolóxica) envíanse a través das listas de correo institucional a toda a comunidade universitaria.

A divulgación complementábase coa presenza da OdS nas redes sociais, con contas de Instagram, Facebook, X e You Tube xestionadas polo persoal bolseiro. Ao longo deste ano académico as contas experimentaron un crecemento moderado. O perfil en X acadou a cifra de 798 seguidores/as (+4 respecto curso anterior).



Instagram conta con 1.059 persoas que seguen a conta da OdS (+89, aumento do 9,2% respecto curso anterior), e Facebook leva acumulados 1.790 seareiros/as desde o ano 2011 (+90 desde o anterior curso).

Ademais, o persoal bolseiro Green Campus conta coas súas propias redes sociais que incrementan a divulgación de actividades. Neste curso 2023/2024 creáronse os perfís nas redes sociais de Green Campus de CC. do Deporte e a Educación Física, Dereito e Filoloxía e Turismo.

En terceiro lugar, a OdS contou cun grupo de mensaxería WhatsApp no que informa das actividades, creado neste curso 2023/2024 e de momento con só 25 membros.

Finalmente, a OdS conta con dous blogues: un [blogger](#) para a publicación das crónicas de actividades (case sen uso na actualidade), e outro [wordpress](#) no que se aloxa a base de datos do Monte da Fraga e contén a información dos códigos QR do seu roteiro.

Na actualidade as accións de colocar cartelería e distribución de folletos fanse para determinadas campañas como Marzo Ambiental, e localizándose exclusivamente nos taboleiros Green Campus e nos lugares estratéxicos para o movemento de estudantado, mais sen facer distribución tan numerosa como anos atrás.



3. MOBILIDADE SUSTENTABLE

O Plan de mobilidade e espazo público é promovido pola UDC desde o 2010, favorecendo e difundindo a importancia dos medios de transporte non motorizados, antepoñendo ao peón e outros medios como a bicicleta fronte ao uso do vehículo privado, seguidos do transporte público ou desprazamentos partillados. Isto sitúa á UDC coma unha institución exemplar á hora de construír un campus universitario sustentable, comprometida coa conservación e mellora do ambiente e consciente dos beneficios sociais, culturais e económicos, promovendo unha actitude responsable e saudable.

3.1. Servizo de préstamo de bicicletas

Este servizo incluído no Plan de mobilidade, ofrece a través da OdS o acceso a unha bicicleta durante todo o curso, dispoñible para estudantado e persoal PTXAS e PDI. Anímase así á comunidade universitaria a desprazarse aos campus en bicicleta, medio de transporte sen emisións, eficaz para o movemento na cidade, e saudable.

Durante o curso 2023-24 emprestáronse 120 bicicletas das modalidades convencional, pregable e eléctrica, nos Campus da Coruña e de Ferrol. [Informe.](#)

Toda a información sobre este servizo pódese atopar na seguinte ligazón: https://www.udc.es/gl/sociedade/medio_ambiente/bicis/



Ábrese a convocatoria de Préstamo de Bicicletas da UDC para o Curso 2023/2024

8 de setembro de 2023 14:03

Prazo de solicitude aberto do 12 ao 15 de setembro

Publicado por: Oficina de Medio Ambiente

3.2. Roteiro en bici Campus-Cidade

Datas e lugar: 22/09/2023, saída desde o Pavillón de Estudantes do Campus de Elviña. Esta actividade organízase cada curso académico coa finalidade de que as persoas con adxudicación de bici da UDC melloren a súa preparación e coñecemento dos traxectos óptimos para achegarse ao Campus universitario desde as súas vivendas na cidade. Ademais a actividade é aberta a comunidade universitaria. Sumáronse 15 ciclo-usuarias, que foron guiadas polo persoal da asociación Mobi-liza nun treito de 5 km aproximadamente, facendo as paradas e explicacións oportunas.



Roteiro en bici no Día Mundial Sen Coches

10 de setembro de 2023 20:36


venres 22 de setembro



3.3. Publicación da pegada ecolóxica (PE) da mobilidade á UDC

O cálculo da pegada ecolóxica pode considerarse un indicador forte de sustentabilidade. Enviouse un correo-e a toda a comunidade UDC e obtívoase a participación anónima e voluntaria de 607 persoas. Empregouse a ferramenta Emapic para o estudo, no que se calcularon as emisións de CO₂ derivadas dos desprazamentos á UDC.

O resultado desta campaña foi unha pegada de carbono media de 810 kg CO₂/persoa e ano, sumando 15.882 t CO₂ anuais para o conxunto da UDC e traducíndose nunha pegada ecolóxica de 2.533 hectáreas de bosque galego. Aínda coa importante cifra, supón unha lixeira redución das emisións per cápita do 2,5% con respecto ao ano anterior, e baixada das emisións totais no 11,5% debido maiormente á redución da comunidade universitaria. [INFORME \(avance\) PE desprazamentos na UDC, nov. 2023.](#)



Comunidade universitaria e emisións totais asociadas á súa mobilidade no curso 2023-2024 na UDC

Colectivo	Persoas		Respostas		Emisións de CO ₂		
	Nº	%	(nº)	%	kg/persoa·ano	t / ano	% s/total
Estudante	16536	84,4	276	1,7	709	11724	73,8
PAS	860	4,4	129	15,0	1495	1286	8,1
PDI	1613	8,2	158	9,8	1236	1994	12,6
PEC/INV	590	3,0	44	7,5	1490	879	5,5
Total	19599	100,0	607	3,1	810	15882	100,0

4. BIODIVERSIDADE E MONTE DA FRAGA

O Monte da Fraga, un espazo forestal situado entre as facultades de Ciencias e Filoloxía, pasou de ser un espazo descoidado, con exceso de eucaliptos e sen xestión silvícola, a converterse nun lugar de referencia na UDC para o desenvolvemento de actividades ao aire libre e para a experimentación e investigación ligada principalmente á Facultade de Ciencias. Reforestacións participativas con especies forestais autóctonas, eliminación de especies exóticas invasoras, mapeo de especies e inventarios de biodiversidade son algunhas das actividades levadas a cabo.

4.1. Proxecto de Custodia do Territorio

A Custodia do Territorio é unha estratexia de conservación definida pola Lei 42/2007, segundo a cal as Administracións Públicas fomentarán esta figura con acordos entre entidades e propietarios co obxectivo da conservación do patrimonio natural e a biodiversidade. Exemplo disto na UDC a través dos colectivos ADEGA e HABITAT, que se encargan de contribuír na conservación do Monte da Fraga. Este proxecto de conta ademais coa colaboración do Concello da Coruña, a través do “Convenio específico de colaboración entre o Concello da Coruña e a UDC para a execución do proxecto de custodia e voluntariado ambiental no Monte da Fraga”, asinado en outubro de 2017, e renovado anualmente ata a actualidade.

4.2. O “Roteiro do Monte da Fraga” e Sendeiro Azul

Traxecto concibido para a aprendizaxe autoguiada, a través de [códigos QR](#) localizados nas 20 balizas de sinalización distribuídas no percurso.

Nos anos 2023 e 2024 o Roteiro do Monte da Fraga da UDC recibiu o galardón “Sendeiro Azul” pola ADEAC-FEE (Asociación De Educación Ambiental e do Consumidor-Foundation for Environmental Education), poñendo en valor o espazo: os Sendeiros Azuis son lugares escollidos do litoral español para a sensibilización ambiental, entendida como ferramenta para o cambio social. Galardón Sendeiro Azul: [Ano 2023](#) | [Ano 2024](#).



4.3. Actividades participativas no Monte da Fraga

As actividades no Monte da Fraga no curso 2023-2024 implicaron a participación de 134 persoas nas actividades. A esta cifra cómpre engadirlle as visitas libres á exposición de cogomelos (150 persoas), e o persoal que desenvolveu o traballo técnico.

As actividades tipo, datas e entidades encargadas da súa monitorización detállanse a continuación.


DATA		ENTIDADE	TÍTULO
SETEMBRO	22	OMA	XVI Limpeza Simultánea de Ríos: Limpeza do río Lagar
	24	GN Hábitat	Ilustración da natureza no MdF
OUTUBRO	10	OMA	Limpeza do entorno natural no MdF
	23-25	UDC Bigbang	VIII Semana dos Cogumelos
	24	ADEGA	'Charcas con vida'
	25	UDC Bigbang	Saída de campo e identificación de fungos no MdF
		OMA	Debate e roteiro: Turismo responsable
	26	GN Hábitat	Montaxe de caixas niño
NOVEMBRO	10	Amarelas	Baño de bosque
	23	ADEGA	Eliminación EEI
			Reparación de valados
	24		Proxecto Ríos: Inspección de outono
DECEMBRO	2	GN Hábitat	Descuberta de biodiversidade do MdF

Voluntariado ambiental e sensibilización	Obradoiros, roteiros e saídas de campo	Palestras, exposicións e outras actividades
--	--	---

As actividades desenvoltas no primeiro trimestre do curso 2023/2024, encóntranse publicadas no [Informe do Monte da Fraga, ano 2023](#).

Reacondicionamento da charca

24/10/2023. Participaron 10 persoas. A charca construída no ano 2014 ao abeiro de “Charcas con Vida” require labores de mantemento, levadas a cabo mediante o voluntariado ambiental ou traballo técnico. Unha profunda reparación iniciouse xa hai dous anos, impermeabilizando con lona EPDM, fibra de coco e arxila. Logo da mellora técnica, fíxose a plantación de especies de humidais e logo en outubro preparouse o borde para o estaquillado de salgueiro.



Eliminación de especies exóticas invasoras

23/11/2023. Participaron 15 persoas. A actividade iniciouse cunha explicación dos obxectivos e metodoloxía a empregar. Unha vez na zona de traballo realizáronse distintas accións:

- *Eucaliptus spp.*, debilitación de tocos coa técnica de principios alelopáticos con allo e arxila.
- *Cortaderia selloana*, inhibición fototintética a través de tapado con lona oscura. Ademais retiráronse con grandes raíces desta especie que xa estaban debilitadas grazas ao tapado en campañas anteriores.



Limpeza do entorno natural do Monte da Fraga

10/10/2023. Participaron 3 persoas. Nesta actividade combináronse a descuberta e apreciación da natureza, mediante un roteiro polo Monte da Fraga, cunha acción de voluntariado e concienciación que consistiu na retirada do lixo que accidental ou deliberadamente remata na nosa contorna natural, xerando un impacto negativo onde se deposita. O pequeno grupo recolleu lixo estimado en 30L, composto principalmente por envases e outros materiais plásticos e latas.



Ilustración da natureza

24/09/2023. Participaron 25 persoas. A xornada práctica de aproximación á flora e fauna silvestres do Monte da Fraga a través do debuxo contou coa monitorización do recoñecido ilustrador Calros Silvar.

As persoas participantes puideron aprender técnicas e recomendacións básicas para os primeiros pasos no mundo da ilustración da natureza, unha fermosa aliada para o coñecemento da biodiversidade.

Descuberta de biodiversidade

2/12/2023. Participaron 21 persoas. A biodiversidade que se agocha no Monte da Fraga é unha das principais características que contribúe no seu valor ecolóxico.

Neste caso, a equipa do GN Hábitat guiou ao grupo na descuberta e identificación das múltiples formas de vida, tanto vexetal como animal, que se poden atopar na época outonal-invernal.



VIII Semana dos Cogomelos

Do 23 ao 25 de outubro de 2023. Participaron arredor de 200 persoas en total, distribuídas como segue:



- **Exposición dos cogomelos do Monte da Fraga.** Arredor de 150 persoas pasaron polo vestíbulo da Facultade de Ciencias a visitar a exposición montada cos exemplares atopados no espazo e a súa contorna, que contou nesta convocatoria con máis de 100 especies.

- **Saída de campo para a identificación de fungos no Monte da Fraga.** 25/10/2024. Participaron 12 persoas. Foi unha actividade con público moi interesado no coñecemento dos fungos comestibles e non comestibles que se poden atopar na nosa contorna máis próxima, agradecendo a colaboración voluntaria do profesorado da área de botánica da Facultade de Ciencias.



Reparación de valados


23/11/2023. Participaron 10 persoas, completándose as prazas dispoñibles. A actividade de reparación do valado da contorna do Monte da Fraga xa iniciada no ano 2022 con accións de voluntariado, tivo continuidade nesta xornada para o avance na mellora do estado desta construción. Os valados de pedra seca contan desde o ano 2018 co recoñecemento da UNESCO de patrimonio inmaterial da humanidade, no tocante ao seu modo de construción, e no relativo á conservación da biodiversidade, os valados son interesantísimos, proporcionando acubillo a multitude de especies.



Roteiro con debate: Turismo responsable

25/10/2023. Participaron 7 persoas. No ano 2023 o Roteiro do Monte da Fraga foi galardoado coa Bandeira Sendeiro Azul, outorgada pola ADEAC (Asociación de Educación Ambiental e do Consumidor).

A actividade buscou poñer en valor este recoñecemento, e consistiu nunha charla-debate sobre a necesidade dun turismo responsable (saudable, sostible, inclusivo), e a interpretación do patrimonio como forma de comunicación para traballar baixo esta filosofía. A actividade completouse co paseo comentado, a pesar da choiva, no que as persoas participantes percorreron e desfrutaron do espazo, ademais de formarse facendo unha valoración das necesidades e para todo tipos de público.



Montaxe de caixas niño e refuxios de fauna

26/10/2023. Participaron 21 persoas. Os refuxios e as caixas niño, correctamente elaborados, instalados e mantidos, son bos aliados para que medre a biodiversidade nun espazo, pois axudan a suplir a escaseza de acubillos naturais. Este obradoiro ensinou ás persoas participantes como elaborar un de seu e mostrou como debe levarse a cabo a súa colocación.



Baño de bosque

10/11/2023. Participaron 10 persoas, completándose as prazas ofertadas. O baño de bosque ou Shinrin-yoku, é unha práctica orixinaria de Xapón que axuda a baixar o ritmo, espertar os sentidos e relaxarse, valorando a natureza.



4.4. Traballos de mantemento no Monte da Fraga

Alén das xornadas de voluntariado abertas ao público, tamén se desenvolven accións de mantemento do Monte da Fraga, e a elaboración de informes sectoriais, polas mesmas entidades de custodia, mais en xornadas de traballo técnico sen participación de voluntariado. Este curso as necesidades de mantemento foron as seguintes:

Revisión e mantemento dos refuxios de fauna

Estas estruturas favorecen a instalación de fauna útil no bosque, mais ao seren elementos artificiais elaborados *ad hoc*, precisan dun seguimento e revisión periódica, que permita determinar o seu grao de ocupación por parte da fauna, ao tempo que facer as necesarias tarefas de limpeza, desinfección e mantemento. No ano 2023, estas accións foron levadas a cabo os días 21 e 22 de decembro. Comprobouse que os niños de paseriformes gozaban dunha grande ocupación, e identificáronse aspectos de mellora para favorecer a ocupación doutros tipos de refuxios.

Experiencia de fototrampeo

A técnica do fototrampeo consiste na instalación no medio natural de cámaras automáticas, dotadas de luz infravermella e sensores de movemento, destinadas ao rexistro das especies silvestres mediante imaxes e sons. Trátase dunha práctica eficaz e non invasiva nos estudos de campo, que chega a ter utilidade na avaliación dos patróns de actividade e de uso do hábitat por parte da fauna, ademais do seu inventariado.

No mes de decembro de 2023 púxose en práctica esta técnica por primeira vez no Monte da Fraga, de modo que 41 días de rexistro permitiron detectar 11 taxóns diferentes (7 especies de mamíferos e 4 especies de aves), correspondentes a 5 ordes taxonómicas. A cifra correspóndese coa época invernal do ano e o período limitado do estudo.

Un vídeo resumo pode visualizarse

na seguinte [ligazón de YouTube](#)



Intervención paisaxística con deseño en permacultura

Durante o ano 2023 iniciáronse as tarefas para a posta en marcha dun novo espazo de hortas destinadas á comunidade universitaria da UDC con criterios de permacultura, localizadas no terreo do Monte da Fraga. Os criterios da permacultura son compatibles e posibilitan a multiplicación da biodiversidade presente no Monte, podendo considerar o espazo creado como un ecosistema propio.

Ademais, pretende achegar o Monte da Fraga a novo público da comunidade universitaria, a través da agricultura e as relacións sociais creadas na tarefa de coidado da terra.

Así mesmo, este proxecto inclúe a creación dunha charca para captación de augas, que sirva por unha banda de abastecemento para a rega, e por outra para o acubillo de biodiversidade de zonas húmidas.



5. RESIDUOS

5.1. Semana Europea para a redución de residuos



A maior campaña de concienciación sobre a prevención de residuos en Europa levou no ano 2023 o lema ‘Non te deixes envolver’*, e pretendeu facer visible o impacto ambiental da sobre-embalaxe de produtos. A UDC a través da OdS, participou na EWWR coas seguintes accións:

- Exposición ‘O lixo na UDC: Modelo Nostión’: Composta por 16 paneis con información actualizada no 2023, localizouse na F. Socioloxía e na F. Ciencias, estimándose a visita libre en 100 persoas (4 persoas/día en 25 días sumando as dúas localizacións), máis 40 persoas nun chamamento de visita guiada na F. Socioloxía o día 16/11/2023.



- Campaña ‘Non te deixes envolver’ nas RRSS da OdS (10-20 nov.): Participación aberta, publicáronse imaxes de alimentos con sobre-embalaxes principalmente.



Imaxes da campaña en redes sociais “Non te deixes envolver” e un exemplo de publicación en Instagram.

*‘**Non te deixes envolver**’: No noso día a día, os envases axúdannos a conter, protexer e transportar calquera tipo de mercadoría. Están en todos os pasos da cadea de valor, desde a produción até o consumo. Porén, os envases teñen un enorme **impacto ambiental**: o 40 % dos plásticos e o 50 % do papel producidos destínanse a envases, e ao final supoñen o 36 % dos residuos sólidos urbanos.

A xeración total de **residuos de envases na UE** pasou de 66 millóns de toneladas en 2009 a 78,5 millóns de toneladas en 2019 (uns 173 kg anuais por habitante), cifra que aínda ascendeu post COVID-19 co aumento das compras por internet, e consumo “para levar”.

A **prevención é clave** para reducir o impacto ambiental dos envases. O impacto ambiental dos envases varía segundo o material, p.ex.: 1 ton. plástico alcanza emisións de 1,8 ton. CO₂e (equivalentes de CO₂); 1 ton. papel/cartón emite 0,81 ton. CO₂e; 1 ton. vidro emite 0,56 ton. CO₂e; e 1 ton. madeira emite só 19 kg CO₂e (fonte: Informe Eunomia de decembro 2021 baseado nos datos de EUROSTAT).

- **Caracterización de residuos:** Actividade para o estudo da composición das distintas fraccións de residuos obxecto de recollida separada, e para a análise da calidade da separación en orixe. Participaron 11 persoas facendo voluntariado ambiental (5 na F. de Socioloxía e 6 na de Ciencias) os días 22 e 29 de novembro, e 14 de decembro de 2023.

Despois da análise dos datos, obtivéronse os índices de calidade da separación, de materiais propios en cada colector (%IP) e de captura dos materiais para a súa reciclaxe (%IC), referidos neste estudo ao ámbito do centro no que está implantadas a recollida separada. Os índices de calidade medios resultado destas campañas foron do 78% en propios e do 81% en captura de materiais.

En xeral, na Facultade de Socioloxía e CC. da Comunicación os índices foron lixeiramente superiores para a fracción orgánica e papel-cartón respecto a F. de Ciencias. Na fracción inerte os resultados foron case iguais en ambos centros.

Informe: [Caracterización de residuos F. Ciencias e F. Socioloxía, ano 2023.](#)



5.2. Áreas de compostaxe na UDC

As áreas de compostaxe ligadas aos comedores universitarios supoñen o tratamento in situ dos residuos orgánicos para a elaboración de compost, empregado posteriormente nas hortas universitarias. Esta práctica, que no curso 2023/2024 contou co apoio do persoal bolseiro para o seguimento nos meses de xaneiro a abril, permitiu reducir aproximadamente 20 toneladas de residuos anuais, grazas ás 9 áreas asociadas aos comedores universitarios, cubrindo case o 90% do servizo de comedores da UDC.



5.3. Calidade do compost da UDC: tarxeta informativa

No curso 2023/2024 actualizouse a tarxeta coa información da calidade do compost da UDC, que foi repartida nos obradoiros de compostaxe para que as persoas asistentes coñezan o valor da mostra de compost que se reparte para levar para as súas casas.



CARACTERÍSTICAS DO COMPOST			
En 2022 realizouse un estudo completo da calidade do compost. Os resultados mostran unha elevada calidade do compost, clasificado como clase A , apto para a agricultura ecolóxica.			
PODER FERTILIZANTE E ESTABILIDADE			
Con un 2,3% de nitróxeno, o composto pode cualificarse como fertilizante orgánico. Ademais, é rico en nutrientes: fósforo, potasio, calcio, e está libre de patóxenos. O emprego deste compost nas hortas da UDC satisfai todas as necesidades de fertilización.			
Parámetro	Valor (Media±SD)	Parámetro	Valor (Media±SD)
Materia orgánica (%)	3,0	Potasio (g K/kg)	5,4±0,1
pH	6,79±0,01	Calcio (g Ca/kg)	53,7±0,7
Conductiv. Eléctrica (µS/cm)	1564±88	Hidróxeno (NH)	4,20
Humidade (%H ₂ O)	75,3±1,5	Relación C/N	13,9
Materia orgánica (% SV)	64,3±8,5	Incr. T° en Rottegrade (°C)	2,4±0,2
Cabotino total (%C)	35,32	Clase Rottegrade	V
Carbono orgánico total (%COT)	31,53	Respirometría (mg CO ₂ /g SV)	4,0±2,4
Nitróxeno (%N)	2,27	E. coli (ufc/g)	Ausencia
Fósforo (g P/kg)	3,5±0,1	Salmonella (ufc/g)	Ausencia

https://www.udc.es/gi/sociedade/medio_ambiente/oma2@udc.gal | 981.167.000 Ext. 5626

Oficina de Medio Ambiente
UNIVERSIDADE DA CORUÑA

6. PROXECTO EDUCANDO PARA A SUSTENTABILIDADE

‘Educando para a sustentabilidade’ é un proxecto que desenvolve a Oficina de Sustentabilidade co obxecto de achegar a toda a comunidade universitaria a formación e a participación en materia de sustentabilidade ambiental e social.

Neste curso organizouse por sétimo ano consecutivo o programa ‘Campus, Casa, Cidade: Laboratorios do cambio’, unha iniciativa coa que se pretende desenvolver as capacidades que permiten actuar nas cuestións ambientais hoxe prioritarias. Combinou actividades para facer uso da vivenda, o campus e a cidade como lugares de estudo e experimentación.

Houbo actividades dispersas no curso, reforzadas por dúas convocatorias específicas, a máis intensa durante o ‘Marzo Ambiental 2024’ e o curso on-line ‘Pegada ecolóxica e emerxencia climática: achegas desde a UDC’. Ademais, o proxecto inclúe a extensión universitaria para achegar ao alumnado de primaria e secundaria as experiencias da UDC a través de obradoiros prácticos, co nome de ‘Mariña Ambiental’, que na convocatoria 2024 chegou a 941 estudantes.

6.1. Marzo Ambiental 2024


Este ciclo desenvolveuse entre o 1 e 22 de marzo, estivo composto por un total de 32 actividades variadas ([LIGAZÓN PROGRAMA MARZO AMBIENTAL 2024](#)), tipo conferencias, mesas redondas e palestras, e tamén sesións prácticas en forma de obradoiros, visitas técnicas e voluntariado ambiental. Os temas trataron cuestións diversas, entre eles: [Microplásticos e contaminación](#) | [Enerxía eólica](#) | [Moda sustentable](#) | [Intelixencia Artificial verde](#) | [Voluntariado ambiental](#) | [Mobilidade responsable](#) | [Compostaxe e residuos](#) | [Pegada ecolóxica e hídrica](#) | [ODS2030](#) | [Eco-auditorías](#).

Na convocatoria Marzo Ambiental 2024 rexistrouse a participación de 773 persoas, cun mínimo de 5 participantes, e superando as 100 asistencias nalguna mesa de debate. A media de asistencia atinxiu as 27 persoas/actividade (mediana de 17).

A este rexistro de asistencias cómpre engadir os módulos de Exposicións, Mercadiño de troco e Emapic (ferramenta para o cálculo da pegada ecolóxica), que en conxunto suman 654 persoas. Os rexistros en Emapic obtéñense da propia aplicación, e as visitas libres ás exposicións e ao mercadiño de troco, a razón de 5 persoas por día que estiveron dispoñibles, e polo tanto 80 persoas en cada ítem.

Ao global de 1.521 persoas correspondeulle unha dedicación de 1,09 horas/persoa ao Marzo Ambiental 2024.

A distribución no calendario do tipo e número de actividades do Marzo Ambiental 2024 móstrase a continuación:



Campus, casa, cidade:
Laboratorios do cambio

MARZO AMBIENTAL 2024
do 1 ao 22 de marzo



Contacto:
 ama3@udc.gal
https://www.udc.es/glosario/medio_ambiente/
 981 167 000 Ext. 5626, 5688

Participación gratuita. Places limitadas.
 Inscripción necesaria para todas as actividades.
 Formulario de inscripción: <https://formu.office.com/e/8P3J35ak1uJ>
 20h participación = 1 crédito ECTS para estudantes de Grao.

Educando para a Sustentabilidade

*Palestras, mesas redondas, obradoiros, visitas técnicas,
 voluntariado, cinema, exposicións*

Consulta o programa completo e actualizado:

ODS2030, Compostaxe, Sociocinema, Microplásticos, Pegada ecolóxica, Biodiversidade, Mobilidade, TIC e IA verde

  UNIVERSIDADE DA CORUÑA

6.1.1. CICLO DE CONFERENCIAS, MESAS REDONDAS E PALESTRAS

En total 17 conferencias, mesas redondas e palestras que se desenvolveron principalmente na modalidade presencial, mais tamén houbo a posibilidade de seguir algunhas de xeito telemático. Rexistrouse a asistencia de 521 persoas a estas actividades.

6.1.2. OBRADOIROS DE SUSTENTABILIDADE E VISITAS TÉCNICAS

Desenvolvéronse 8 obradoiros e 1 visita á depuradora de augas residuais. A temática dos obradoiros foi variada e adaptada ás inxerencias dos centros Green Campus. Entre eles, o cálculo da pegada ecolóxica persoal, o uso das TIC e ferramentas de ciencia cidadá, compostaxe, elaboración de xabón. En total 181 participantes.

6.1.3. VOLUNTARIADO AMBIENTAL

Foron dúas convocatorias para a limpeza de praias e de entorno natural. Con moi boa acollida, participaron en total 71 persoas.

6.1.4. CICLO DE SOCIOCINEMA AMBIENTAL

Proxectáronse 3 filmes ao que asistiron 23 persoas. Ao remate de cada sesión tiveron lugar debates ben interesantes entre o público asistente e a persoa moderadora, e nunha sesión incluso se puido degustar unha comida típica que aparecía no filme.

‘Fíos Fóra’, ‘Sobrecargados’ e ‘Foragers’ foron as 3 proxeccións escollidas.

6.1.5. EXPOSICIÓNS E MERCADIÑO DE TROCO

Co gallo do 'Marzo Ambiental 2024' localizáronse 6 exposicións de temáticas ambientais diversas nas Escolas e Facultades da UDC, para visita libre entre o 1 e 22 de marzo. Estímase en 480 persoas visitantes.

Ademais no mesmo período estivo en funcionamento un ‘Mercadiño de troco’ na Facultade de Socioloxía, con moi boa acollida e que se estima nun mínimo de 80 persoas implicadas.



1



5



6



2




3



4



7




8



10



9



11




12

Algunhas fotos do Marzo Ambiental 2024. Imaxes 1-5: Palestras e mesas redondas (Danos ambientais crise pellets, Exemplos economía sustentable, ODS2030 na UDC, Compostaxe, Intelixencia Artificial Verde); 6: Visita EDAR; 7-10: Obradoiros (Caracterización lixo, Compostaxe, Liñaxe feminina, Elaboración xabón); 11: Limpeza praias; 12: Exposicións.

6.2. Curso on-line ‘Pegada ecolóxica e emerxencia climática: achegas desde a UDC’

Foi a cuarta edición do curso on-line que combina unha parte de estudo de conceptos ambientais, facendo uso de aplicacións de ciencia cidadá, material audiovisual, e textos de apoio; con outra parte práctica de análise e cálculo da pegada ecolóxica (PE) persoal.

O curso impartido por Manuel Soto Castiñeira, Catedrático de Enxeñaría Química e integrante do Grupo de Investigación EnAmb-React! da UDC, desenvolveuse entre o 11 e 21 de xuño, con 10 horas estimadas de dedicación. Inscribíronse 84 persoas das que 41 acadaron o título de superación.



Os resultados do uso das ferramentas de cálculo da PE foron os seguintes:

Parámetro	Media	Desv. Est.	Mediana
Caudal na billa do aseo (L/min):	5,8	3,8	5,4
Caudal na ducha (L/min):	10,1	6,8	8,0
Consumo diario de auga (L/persoa·día):	132,6	113,6	105,0
Xeración de residuos (kg/persoa·día):	1,0	0,3	1,0
Separación en orixe dos residuos xerados (%):	49,3	22,9	44,0
Pegada ecolóxica dos residuos xerados (kg CO ₂ /persoa·ano):	142,7	89,2	129,8
Consumo total de enerxía (kWh/persoa·ano):	4702,8	5731,4	3666,0
Pegada de carbono por consumo de enerxía (kg CO ₂ /persoa·ano):	904,8	1715,5	425,0
Enerxía procedente de fontes renovables (%):	33,4	31,0	30,9
Pegada ecolóxica por mobilidade (kg CO ₂ /persoa·ano):	2250,2	3226,3	713,1

7. CAMPAÑAS DE AFORRO DE AUGA E PAPEL

7.1. Aforro de auga na UDC e ecoauditorías

- O programa de aforro conta con dous elementos básicos de actuación para a redución do consumo de auga: 1. Medidas de baixo custo: instalación de aireadores ou perlizadores, arranxo de chaves. 2. Medidas de maior custo: muda de billas e cisternas, e outros sistemas aforradores de auga.

Para sermos conscientes deste obxectivo de redución, compre termos sempre a información ben visible en cada lugar onde se aplicaron medidas. Na UDC estanse a empregar as seguintes eco-etiqueta e colantes, e no presente curso 2023/2024 deseñouse o colante para acompañar aos perlizadores que se reparten en campañas de sensibilización (p.ex. Premios temáticos Green Campus):



- As eco-auditorías da auga consisten en facer medicións de caudais para o diagnóstico das billas, e instalando perlizador cando é posíbel. Un grupo de 4 bolseiros da OdS e GC formáronse e implicáronse nesta tarefa, que no curso 2023/2024 se desenvolveu durante o 29 e 30 de abril de 2024 na Facultade de Economía e Empresa co seguinte resultado:

Nº Billas	72
Caudal medio (L/min)	6,6 ± 2,5
Caudal MAX-MIN (L/min)	12,7 - 2,3
Billas con caudal alto (>4,5L/min)	79%

7.2. Aforro de papel

Co nome de *'Re-utilizando: 2 caras, 2 usos'*, esta campaña de aforro de papel continuou a instalarse en todos os centros Green Campus da UDC. O persoal bolseiro do curso 2023/2024 comprobou as facultades e escolas que dispoñían das caixas acondicionadas co indicativo da campaña, e repoñéndoo onde foi necesario. “2 caras, 2 usos” convida ás persoas usuarias a deixar o papel que tirarían no lixo pero que aínda ten unha cara sen usar, e ao mesmo tempo, é unha fonte de abastecemento para quen queira darlle uso a este tipo de papel.

Obradoiro de elaboración de cadernos Re-utilizando: A partir de traballos encadernados cedidos por profesorado de diferentes titulacións, eliminando sempre a información persoal dos mesmos, o persoal bolseiro estivo a preparar estes materiais para repartir en eventos de divulgación.



Ademais, no curso 2023/2024, o obradoiro de cadernos Re-utilizando, desenvolveuse de forma pública no evento “Plogging Tour” (apartado 8.9 desta memoria).

8. OUTRAS ACTIVIDADES

8.1. Día da Ciencia na rúa

O sábado 4 de maio de 2024, no Parque de Santa Margarida, tivo lugar o evento no que participaron 54 centros educativos de diversas localidades galegas, mostrando actividades de bioloxía, tecnoloxía, matemáticas e física para todos os públicos.

Xunto eles, a OdS en colaboración coa Universidade Sénior da UDC desenvolveron un obradoiro para a identificación dos macroinvertebrados do compost. Método científico co uso de claves dicotómicas para o coñecemento da fauna que habita o ecosistema dun composteiro, poñendo en valor a conservación da biodiversidade do solo e do ciclo dos nutrientes.

Estímase en 50 persoas que visitaron o posto e participaron no obradoiro, as cales puideron levar para a súa casa unha mostra de compost feito na UDC, maduro e xa preparado para o seu uso como fertilizante natural e ecolóxico.



8.2. XII Limpeza Simultánea de Praias

O venres 6 de outubro de 2023 a OdS-UDC participou na XII convocatoria de Limpeza Simultánea de praias, coordinada pola Asociación ecoloxista **ADEGA** nas praias e areais da costa galega. Na xornada participaron 4 persoas voluntarias que retiraron en 2 horas 50L de lixo da Praia de Bens.

Protocolo para unha limpeza ecolóxica de praias





8.3. Mercadiño de Nadal na Facultade de Ciencias

O mércores 20 de decembro de 2023, contando coa organización do estudantado bolseiro de OdS e Green Campus, a comunidade universitaria puído contar con mais facilidade para gozar dunhas festas de nadal sustentables, facendo uso do mercadiño de troco que se habilitou na Facultade de Ciencias en horario de 10:30 a 17:30h.

“Trae as cousas que non necesites e intercámbiaas por outras que estabas pensando comprar! A mellor forma de reducir a pegada ecolóxica dos residuos e aproveitar toda a vida útil dos materiais”.

Tivo un grande éxito de afluencia, estimado en 20 participantes directos (alén dunhas 150 visitas de simple observación), e o evento incluso contou con cobertura mediática allea á UDC: <https://cadenaser.com/galicia/2023/12/20/los-alumnos-de-la-udc-organizan-un-mercadillo-de-trueque-radio-coruna/>



Ademais, para este evento deseñouse un tríptico para practicar o consumo responsable, e fíxose unha sondaxe de interese nunha rede estable de troco na UDC, que contou con moi boa acollida, polo que nos seguintes meses se iniciou o deseño de normativa e loxística, con vistas a poder levalo a cabo no futuro.



8.4. Limpezas de praias ante a crise dos pellets

O 8 de decembro de 2023 o buque Toconao perdeu 6 contedores preto de augas galegas, en zona Rede Natura 2000, con importancia como corredor ecolóxico de aves. Un deses contedores, da empresa Bedeko Europe, contiña uns mil sacos, de 25 kg cada un, cada saco con máis dun millón de pellets: bolas duns 5 mm de diámetro, utilizadas para a fabricación de diferentes produtos plásticos. O seu reducido tamaño e o elevado número fixo moi complicada a súa recollida unha vez mesturados coa area. Os pellets chegaron á maior parte de areais galegos, incluída A Coruña. A extensión desta marea branca contaminante xustificou a urxencia na actuación, grazas ao voluntariado.

A Oficina de Sustentabilidade (OMA na data das accións), facéndose eco da demanda da comunidade universitaria e da sociedade, organizou cada venres de xaneiro de 2024 e ata mediados de febreiro, un total de 5 xornadas en diferentes areais da costa próxima á cidade da Coruña, coa intención de facilitar o acceso do estudantado a pé ou transporte público, ademais de actuar no entorno máis inmediato. Visitáronse as praias de As Lapas, San Amaro, Matadoiro, Bens.

Estas xornadas estiveron coordinadas pola técnica da oficina e a voluntaria ambiental da UDC durante este curso, ambas despois de asistir a unha xornada de formación específica para a retirada correcta deste residuo potencial contaminante químico, descoñecido nese momento, que impartiu a asociación ecoloxista ADEGA. Antes de cada xornada, para escoller o areal a limpar, visitouse o estado de varios deles, contactando co Concello da Coruña. Ademais en cada xornada aproveitouse para facer limpeza xeral, recollendo todo o lixo e clasificándoo ao final para sensibilizar na procedencia e materiais responsables do problema do lixo mariño.

Todas as limpeza convocadas deste modo tiveron un grande impacto na comunidade universitaria que se uniu en grupos numerosos, sempre completando o número de prazas ofertadas, pois contouse con material limitado para distribuír nesta tarefa específica: capachos, escobas e recolledores, luvas, bolsas de pequeno tamaño. Participaron en total arredor de 150 persoas.



Foi un tema de interese recollido en medios externos á UDC:

- El Ideal Gallego (19/01/2024): <https://www.elidealgallego.com/articulo/a-coruna/udc-reune-voluntarios-limpiar-pellets-playa-matadero-4686950>
- El Ideal Gallego (11/01/2024): <https://www.elidealgallego.com/articulo/a-coruna/udc-convoca-voluntarios-limpiar-pellets-playa-lapas-4676498>
- El Español: https://www.elespanol.com/quincemil/a-coruna/20240112/universitarios-recogen-pellets-coruna-distinguirlos-flotacion-va-bien/824418100_0.html
- La Voz de Galicia: <https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/somosmar/2024/01/19/voluntarios-pelets/0003170566866599765122.htm>
- Onda Cero: https://www.ondacero.es/emisoras/galicia/coruna/noticias/voluntarios-udc-recogen-granzas-playa-lapas_2024011265a13a8b872b8200012c64bf.html
- Telecinco: https://www.telecinco.es/noticias/galicia/20240112/veronica-torrijos-tecnica-medio-ambiente-udc-residuos-sobran-bolitas-plastico_18_011420648.html



8.5. Proxecto Ríos

Inspeccións de calidade do río Lagar, outono (24/11/2023) e primavera (04/04/2024). Participaron 81 persoas en total.

O Proxecto Ríos é un programa de educación e voluntariado ambiental, que na UDC se concreta nunha inspección do río Lagar ao seu paso polo campus de Elviña.

O río Lagar foi adoptado pola Oficina neste treito, onde desenvolve as campañas de seguimento de primavera e outono. As inspeccións consisten na toma de datos físico-químicos e biolóxicos para o control da calidade do ecosistema fluvial. Empregouse o bioindicador de macroinvertebrados como índice de calidade, obtendo un resultado de “calidade moderada”.



XVII Limpeza Simultánea de Ríos: Limpeza do río Lagar

Incluído no Proxecto Ríos, cada ano lévase a cabo unha limpeza do treito adoptado polo grupo de voluntariado, que no caso da UDC é o río Lagar ao seu paso polo Campus de Elviña. Esta convocatoria tivo lugar o 22/09/2023, na que participaron 2 persoas. Foi un día de intensa choiva, mais o pequeno grupo de voluntariado tivo a sorte de que xusto no momento da actividade escampou. Deste xeito, puideron poñerse mans á obra contribuindo nesta acción coordinada en múltiples puntos da xeografía galega.

Aínda que o río Lagar ao seu paso polo campus conta con servizo de xardinería que se encarga da limpeza e recollida das papeleiras localizadas nas marxes e semella limpo, na actividade encheuse de lixo unha bolsa de 10L. O residuo máis abundante foron as cabichas, que en volume encheron un vaso de 250mL, pero en nº eran moitas!



8.6. Día da Terra: compostaxe, hortas e biodiversidade

A pesar de ser un día de intensa choiva, dúas persoas voluntarias acompañaron ao persoal técnico da Oficina de Sustentabilidade a facer a ronda de compostaxe para o mantemento das áreas asociadas aos comedores universitarios, terminando o itinerario nas hortas da UDC, poñendo en valor a fertilidade da terra e a súa biota asociada. Celebrouse o 26/04/2024.



Día da Terra: compostaxe, hortas e biodiversidade

22 de abril de 2024 13:40

O vindeiro venres, 26 de abril, en celebración do Día Mundial da Terra*, a Oficina de Medio Ambiente da UDC convida a todas as persoas interesadas a participar na ronda de compostaxe para o mantemento das áreas asociadas aos comedores universitarios. ...

Área de compostaxe da UDC

compostaxe de residuos orgánicos do comedor universitario

A compostaxe é unha práctica que ten como finalidade a xestión dos residuos orgánicos, sen necesidade de recollida nin transporte, converténdolos nun fertilizante orgánico



1 Botar no composteiro os residuos orgánicos da ración (contidos en envases pequenos). Mesturar ben coa capa superior.

2 Cubrir os restos de comida cun volumen similar de material estruturante (follas, herba seca, restos de poda picados etc).

3 Cada certo tempo, mesturar máis a fondo, e engadir auga se se ve necesario.

4 Despois de 4-6 meses, teremos o compost feito na parte de abaixo.

E A CULTIVAR!

Elementos que se poden compostar

- Restos de comida
- Pelotas do café
- Excrementos de animais: gatiños, coellos, ...
- Restos de podas de arbustos e árbores (melhor triturados)
- Follas
- Follas de herba ou froita
- Agallas
- Pelo (non tratado)
- Cunchas (melhor trituradas)

Elementos que non se deben engadir

- Materiais que aínda que sexan orgánicos teñan substancias contaminantes (produtos químicos, venenos etc.)
- Excrementos de canis, gatiños e persoas
- Residuos de plásticos, vidro, papel, aluminio etc.





8.7. IX Xornadas de urbanismo e socioloxía: Sensibilización ambiental

O 25 de abril de 2024 a técnica da Oficina de Sustentabilidade interveu na xornada sobre Urbanismo e Socioloxía, que incorporou a sensibilización ambiental a través da intervención “Retos para a sustentabilidade e acción na UDC”. As palestras estiveron deseñadas como breves exposicións ou “pílulas informativas” achegadas por profesionais de diferentes ciencias e disciplinas, incluíndo aspectos teóricos, metodoloxías e casos prácticos. A coordinación correspondeu a Montse Golías, María J. Andrade e Manuel Docampo da Facultade de Socioloxía.

O evento completou as prazas dispoñibles no salón habilitado, superando as 60 persoas asistentes.

SENSIBILIZACIÓN AMBIENTAL

IX XORNADAS DE URBANISMO E SOCIOLOXÍA

Xoves, 25 de abril de 2024
Salón de Graos,
Facultade de Socioloxía (UDC)
Entrada de balde, ate completar aforo

PILULAS DESDE UNHA OLLADA TRANSDISCIPLINAR

9:30 h - 10:00 h Inauguración a cargo de María Andrade Suárez Docente en Socioloxía pola UDC Directora do Departamento de Socioloxía e Ciencias da Comunicación e Coordinadora do Grupo de Estudos Territoriais (GET)	11:00 h - 11:30 h Pausa 11:30 h - 12:00 h Verónica Torrijos Docente en Ciencias e Tecnoloxía Ambiental pola UDC. Técnica de Oficina de Medio Ambiente da UDC (DMA-UDC). Secretaria na Federación Ecoloxista Galega (FEG)	13:00 h - 13:30 h Cristina Gª Fontán Docente en Arqueoloxía pola UDC. Profesora na Escola Técnica Superior de Arqueoloxía e Coordinadora do Grupo de Investigación Persoas Ambiente (GPPA), UDC
10:00 h - 10:30 h Marta Somaza Docente en Urbanismo pola UDC. Profesora no Centro de Estudos Suplementares do Campus de Santiago. Profesora Titular no Concello de Mariño	12:00 h - 12:30 h Laura Varela Docente en Económicas pola UDC. Profesora Titular no Departamento de Economía e Investigación no Grupo Juan Manuel de Compañía e Desenvolvemento na UDC	13:30 h - 14:00 h Araceli Serantes Docente en Psicoloxía pola UDC. Profesora no Departamento de Pedagogía e Didáctica. Investigadora no Grupo de Investigación para a Cidadanía Cidadá (GICID) na UDC e no Grupo en Educación Ambiental, Comunicación e Arte da Universidade do Mar de Vigo
10:30 h - 11:00 h Isabel Lema Blanco Docente en Educación pola UDC. Investigadora no Grupo GPPA (UDC). Experta en sensibilización ambiental e acción de vida verde. Profesora de Facultade de Educación da UDC. Presidenta do Instituto de Estudos e Investigación Psicolóxica Juan Vitoria Viqueiro e Fundadora de RECAP	12:30 h - 13:00 h Belén Rodríguez Licenciada en Planificación pola UDC. Experta en comunicación mediática. Secretaria da Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galicia (ADEG)	14:00 h - 14:30 h Clausura a cargo de Montse Golías Docente en Socioloxía pola UDC. Docente de Socioloxía de Comunicación e Opinión Pública e Investigadora no Grupo Socioloxía en Movemento (SIOG)

Universidade de Coruña, Cultura e Opinión, hr, get@, ecom, Facultade de Socioloxía, UNIVERSIDADE DA CORUÑA



8.8. Plogging Tour

A Oficina de Sustentabilidade participou activamente no Plogging Tour organizado por Nationale Nederlanden, a través da difusión no correo institucional e redes sociais, animando a participar na carreira popular con recollida de lixo, co lema *'Fai deporte polo planeta'*, que se desenvolveu o 26 de maio de 2024.

Ademais, a OdS contou cunha carpa na que expuxo o seu material divulgativo e o persoal bolseiro tamén monitorizou o obradoiro de cadernos '2 caras, 2 usos' para que as persoas que se achegaran ao stand se animasen a practicar a reciclaxe e puidesen levar o seu caderno para a casa. Foi unha xornada con moito público, estimado en 100 persoas na xornada de mañá.

Esta foi a 4ª convocatoria do evento ([ligazón](#)), no que xa teñen participado unhas 23.000 persoas e recollido máis de 54.000 kg de residuos en diferentes localizacións de zonas verdes e praias.



8.9. AMOR: diverso e sustentable




Aproveitouse a coñecida data de San Valentín para reivindicar o amor, recoñecendo a ecodependencia que caracteriza ao ser humano, e facendo ver que non é preciso consumir máis recursos para ter xestos de cariño ou demostrar o noso amor.

Con isto en mente, os/as bolseiros da OdS e Green Campus estiveron repartindo agasallos feitos por eles/as mesmos/as con materiais reutilizados e reciclados, achegando maneiras sustentables de agradecer aquilo que nos aleda a vida.

A xornada desenvolveuse o 14 de febreiro no interior da EU Arquitectura Técnica (A Zapateira), desprazada desde a Praza da Fraga por causa da choiva. Aínda así, achegándose unhas 40 persoas por libre.

8.10. Xiro Ecolóxico



Esta iniciativa do grupo de bolseiros da Oficina e Green Campus pretendeu, por unha banda, dar visibilidade ás accións ambientais na UDC e presentar a convocatoria 'Marzo Ambiental 2024', a través do xogo da 'Eco-ruleta', con preguntas sobre biodiversidade, auga, enerxía, residuos, mobilidade e outras accións de sustentabilidade da UDC, agasallando con materiais propios ás persoas que as atinaron.

A xornada desenvolveuse o 28 e 29 de febreiro de 2024 nos campus de Elviña e A Zapateira, estimando en 60 persoas que se achegaron e participaron.

8.11. Hortas UDC

As hortas urbanas da UDC buscan avanzar na xestión ambiental sustentábel do campus e contribuír á concienciación ambiental da comunidade universitaria e da sociedade en xeral. Para iso conta con 40 parcelas no Campus de Elviña, de dimensións de 20m² cada unha, dispoñibles para alumnado, PTXAS e PDI da UDC.

Ademais, no presente curso 2023/2024 púxose en marcha o programa de hortas en Ferrol, a través do formato de bancais, dispoñendo en total 31 unidades que se sortearon publicamente e resultaron 12 persoas adxudicadas para a súa xestión, asesorada neste caso pola Asociación Os Picos do Sol.

Toda a información e convocatoria de hortas encóntrase [NESTA LIGAZÓN](#).



Imaxes dos bancais no campus de Ferrol.

9. PROGRAMA GREEN CAMPUS

O programa Green Campus é unha iniciativa da *Foundation for Environmental Education* (FEE) en colaboración con varias universidades europeas para potenciar os valores de Educación Ambiental no ámbito universitario. A FEE é unha organización non gobernamental e sen ánimo de lucro que ten por principal obxectivo promover o desenvolvemento sostible a través dunha potente ferramenta: a educación ambiental.

A metodoloxía Green Campus busca que a UDC sexa cada vez máis sostible, cos seguintes pasos: creación dun Comité Ambiental, realización de eco-auditorías, elaboración dun Plan de Acción e dunha declaración do compromiso ambiental, xunto co asesoramento, comunicación e avaliación continua dunha auditora externa. No caso da UDC, esta auditora é a Asociación de Educación Ambiental e do Consumidor (ADEAC), como sección española da FEE, e encárgase de avaliar e outorgar as Bandeiras Verdes en recoñecemento. O detalle da información pode consultarse [NESTE APARTADO WEB DA UDC](#).

Na actualidade todos os centros docentes da UDC están incorporados ao programa Green Campus, a través de 15 programas, dos cales 11 contan cunha Bandeira Verde vixente.



Imaxe: xuntanza de coordinación Green Campus da UDC, xullo 2024.

10 YEARS OF ECO CAMPUS AT THE UNIVERSITY OF A CORUÑA

NETWORKING, AUTONOMY OF CENTERS AND INVOLVEMENT OF UNIVERSITY COMMUNITY

Verónica Torrijos (1)*, Martina Dono (2), Manuel Soto (3), F. Javier López Rivadulla (4), Sonia Vázquez Díaz (5), Nadisha V. Balani Mahtani (6), Xoana Ares Fandiño (7)

1,2,6,7: Office for the Environment, Ed. Xoana Capdevielle, Campus Elviña, 15071 A Coruña, Spain.

3: Department of Chemistry, Faculty of Sciences, Campus A Zapateira, 15071 A Coruña, Spain.

4: Sustainability Representative at Vice-Rectorate, Ed. Xoana Capdevielle, Campus de Elviña, 15071 A Coruña, Spain.

5: Vice-Rector for Infrastructure and Sustainability, Ed. Xoana Capdevielle, Campus de Elviña, 15071 A Coruña, Spain.

*Corresponding author: v.torrijos@udc.es

In 2014, the University of A Coruña (UDC, Spain) signed up to the Eco Campus (EC) program. It progressively grew year by year, until reaching the current situation, with all UDC teaching centers incorporated, as well as administrative and research centers, and being distributed in 15 Eco Campus programs, of which nine have achieved the Green Flag recognition.



Images: Green Flag delivery act for the Faculty of Economics and Business.

Some centers functioned initiating actions, which over the 10 years of EC program, the UDC has been consolidating and replicating the most successful ones in terms of didactics and environmental awareness. An example can be waste campaigns during EWW (European Week for Waste Reduction), when EC center committees study the quality of waste separation, and then issue a report with global and comparative results, coordinated by the Office for the Environment. Related to this campaign, new ideas emerged, such as "Eco-teacher badge", for those who had removed waste bins from their offices, or the recovery of the clean paper fraction in toilets. Another example is the incorporation EC center committees proposals in the Environmental March, program of workshops, lectures and technical visits open to the whole UDC, and which reaches more than a thousand participants each year.

WHICH IS THE MAIN PURPOSE IN THE UDC COMMUNITY?

Achieving social and environmental sustainability: with this program, the UDC has advanced and involved the university community, being aware of the needs for a sustainable future.



Images: (1) "Eco-teacher badge", (2) Technical visit during Environmental March, (3) Recycling theater performance, (4) EWW waste campaign with EC scholarship students, (5) Beach cleaning with volunteering and EC center committees, (6) Workshop for bike ergonomics and mechanics.

Acknowledgments - To all the coordinators of the EC committees at UDC, the scholarship students and the ADEAC implication.

BOTTOM-UP CHARACTER: AUTONOMY OF CENTERS
There is no a single EC program at the UDC, but rather it is distributed across as many autonomous programs as centers (or campuses) that are networked through the Office for the Environment:

- Distinctive and innovative element for EC program.
- Ensures grassroots participation.
- Involvement of different disciplines and messages adapted to each one.
- Gives a strong bottom-up character.
- Successful experiences can be replicated an adapted to each center or Campus.

ENCOURAGING EC AT UDC

- The UDC grants up to 20 students each academic year to develop activities in each EC center.
- Recognition for coordination in each center, reducing the teaching by 10 hours/academic year.
- Assistance from the centers directions, and from specific services of the university, such as the Architecture and Urbanism Service, the Offices for Volunteering, for Gender Equality, for Healthy life.
- Assistance and coordination from the Office for the Environment, and ADEAC (Environmental and Consumer Education Association) services for external advisor and certifier, as member of the FEE.

Currently, all the teaching centers are affiliated to the EC program, and in addition to the Campus programs, some administrative centers are also included.

2014: Faculty of Sciences, F. of Education Sciences, F. of Health Sciences, U. School of Technical Architecture, Architecture Higher technical studies

2016: Faculty of Pharmacy, F. of Philology, Engineering School for road, canal and ports

2017: Faculty of Economics and Business, Social Sciences in General, School Campus (A Coruña)

2018: Faculty of Veterinary and Communication Sciences

2020: Faculty of Law

2022-23: Faculty of Computer Sciences, F. of Health Sciences

9.1. Asistencia a "1st International Conference of FEE EcoCampus "Getting Higher Level Education Climate Ready"

O Simposio internacional de Green Campus celebrouse en Lisboa, Portugal, os días 24-26 de abril de 2024, ao que asistiron dúas bolseiras da OdS e presentaron o póster de título "10 anos de Green Campus na Universidade da Coruña: Traballo en rede, autonomía dos centros e implicación da comunidade universitaria".



10. A UDC NO RANKING GREEN METRIC 2023


O *Green Metric Ranking of World Universities* clasifica as universidades en materia de sustentabilidade ambiental e políticas de xestión respectuosas co ambiente, valorando tanto os seus esforzos como os resultados acadados. Analiza 6 eixos: Infraestruturas, Enerxía e cambio climático, Residuos, Auga, Transporte e Educación e investigación.

Trátase do ranking de sustentabilidade de maior alcance e recoñecemento internacional. No ano 2023 chegou á súa decimocuarta convocatoria, na que participaron 1183 Universidades dun total de 84 países.

Desde a primeira participación no 2016, a UDC continúa a mellorar a súa puntuación, mantendo en 2023 a posición final no posto 110, tendo en conta o aumento do 13% o número de universidades participantes respecto a 2022. Ademais, a UDC ocupa o posto nº 5 do Estado español e continúa como Universidade líder en sustentabilidade no contexto galego.



O informe elaborado pola OdS-UDC detalla cuestións por eixo de actuación, e conclúe valorando os esforzos levados a cabo na UDC, e tamén facendo unha análise crítica dos aspectos a mellorar, entre os que destaca a mobilidade, particularmente na necesidade de limitación do vehículo privado dentro do campus. [Informe completo valoración: Resultado da UDC no Ranking GreenMetric 2023](#)



10.1. I Encontro nacional das universidades españolas pola sustentabilidade. Ráncing UI Greenmetric

Programa
Benvinda/ Welcome
09.30 h Manuel J. Reigosa Roger, reitor da Universidade de Vigo
Ponencias I/ Presentations I
09.45 h Dr. Junaidi, Green Metrics (en liña/online)
10.00 h Ponencia inaugural, Xavier Labandeira, Universidade de Vigo (presencial/on-site)
10.30 h Jorge Jesús Gómez Sanz, Universidad Complutense de Madrid (en liña/online)
10.50 h Carolina Cárdenas, Universidad de Granada (en liña/online)
11.10 h María Sarabia Alegría e Manuel Ocaña, Universidad de Alcalá de Henares (en liña/online)
11.30 h Pausa café
Ponencias II/ Presentations II
12.00 h Armand Hernández, Universidade da Coruña (en liña/online)
12.20 h Rubén Regueira, Universidade de Santiago de Compostela (en liña/online)
12.40 h Delfina Couce e Camilo Carrillo, Universidade de Vigo (presencial/on-site)
13.00 h Mesa redonda e conclusións
13.30 h Fin do encontro



Celebrouse o 24 de maio de 2024, contou con 6 persoas asistentes. Pola UDC interveu Armand Hernández, Director da Oficina de Sustentabilidade, achegando na súa presentación os puntos a destacar na xestión ambiental da UDC, entre eles residuos e educación.

11. RESULTADOS E VALORACIÓN DO CURSO 2023-2024

11.1. Calendario

No seguinte calendario aparecen sombreadas as datas nas que se desenvolveron diferentes actividades durante o curso 2023/2024. Anotar que en 16 días de duración do Marzo Ambiental se desenvolveron 32 actividades en total, de igual xeito que outros días sombreados no calendario tamén contaron con máis de unha actividade no mesmo día. Sumáronse 69 actividades abertas á comunidade universitaria durante o curso 2023/2024, de diversa tipoloxía: mesas redondas, palestras, obradoiros, visitas técnicas, voluntariado ambiental (limpezas de praias e entorno natural, conservación da biodiversidade...), ás que se suman as exposicións de temática ambiental que se localizaron nos centros da UDC como segue:

- **Alimentación saudable e o Prato de Harvard.** F. Ciencias (A Zapateira). Marzo
- **Residuos UDC: Modelo Nostián.** F. Dereito (Elviña). Marzo
- **A mobilidade na UDC.** ETSECCP (Elviña). Marzo
- **A pegada ecolóxica.** F. Fisioterapia (Oza). Marzo
- **Fotografías do Concurso de Fotografía sobre o Cambio Climático.** F. Economía e Empresa (Elviña). Marzo , Abril
- **Fotografías concurso BIOARTE.** F. CC. Saúde (Oza). Marzo, Abril.

Estímase que unas 80 persoas fixeron a visita libre a cada exposición durante o mes de marzo, a razón dunhas 4 persoas ao día.

1	Festivos, non lectivos e exames
6	Actividades abertas á participación na UDC
1	Marzo Ambiental
11	Curso online Pegada Ecolóxica

SETEMBRO						
L	M	Mé	X	V	S	D
				1	2	3
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30	

OUTUBRO						
L	M	Mé	X	V	S	D
						1
2	3	4	5	6	7	8
9	10	11	12	13	14	15
16	17	18	19	20	21	22
23	24	25	26	27	28	29
30	31					

NOVEMBRO						
L	M	Mé	X	V	S	D
		1	2	3	4	5
6	7	8	9	10	11	12
13	14	15	16	17	18	19
20	21	22	23	24	25	26
27	28	29	30			

DECEMBRO						
L	M	Mé	X	V	S	D
				1	2	3
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30	31

XANEIRO						
L	M	Mé	X	V	S	D
1	2	3	4	5	6	7
8	9	10	11	12	13	14
15	16	17	18	19	20	21
22	23	24	25	26	27	28
29	30	31				

FEBREIRO						
L	M	Mé	X	V	S	D
			1	2	3	4
5	6	7	8	9	10	11
12	13	14	15	16	17	18
19	20	21	22	23	24	25
26	27	28	29			

MARZO						
L	M	Mé	X	V	S	D
				1	2	3
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30	31

ABRIL						
L	M	Mé	X	V	S	D
1	2	3	4	5	6	7
8	9	10	11	12	13	14
15	16	17	18	19	20	21
22	23	24	25	26	27	28
29	30					

MAIO						
L	M	Mé	X	V	S	D
		1	2	3	4	5
6	7	8	9	10	11	12
13	14	15	16	17	18	19
20	21	22	23	24	25	26
27	28	29	30	31		

XUÑO						
L	M	Mé	X	V	S	D
					1	2
3	4	5	6	7	8	9
10	11	12	13	14	15	16
17	18	19	20	21	22	23
24	25	26	27	28	29	30


11.2. Participación curso 2023/2024


As actividades propostas neste curso tiveron moi boa acollida na comunidade universitaria. En conxunto, as actividades desenvoltas acadaron a participación dun total de 4.918 persoas.

Entre elas, distínguense liñas estruturais da Oficina, como son os servizos de préstamo de bicicletas e de hortas urbanas, o estudo da pegada ecolóxica da mobilidade, e a facilitación das calculadoras da pegada ecolóxica con Emapic, que en conxunto implicaron a 2.361 persoas.


O resto foron actividades de asistencia presencial principalmente (algunhas palestras desenvoltas na modalidade telemática), a través de mesas redondas e palestras, voluntariado ambiental, obradoiros, visitas a exposicións, visitas técnicas, ou iniciativas de sensibilización como o mercadiño de troco. Este tipo de implicación atinxiu a 2.557 persoas, que puideron achegarse á sustentabilidade ambiental da UDC nos bloques que e detallan na seguinte gráfica (dereita).

Nas gráficas sectoriais da seguinte páxina detállase a participación nas dúas principais iniciativas xestionadas pola Oficina, que son o Marzo Ambiental e o Monte da Fraga. Os números das caixas indican as persoas participantes en cada bloque de actividades.





Monte da Fraga



Marzo Ambiental 2024





11.3. Avaliación


A iniciativa Marzo Ambiental 2024 contou cun seguimento de avaliación a través dun formulario web enviado a todas as persoas participantes. Obtivéronse 45 respostas das que o 89% salientou unha valoración global boa e moi boa, e case a totalidade das persoas (98%) recomendarían dalgún modo a outras persoas a participar en futuras edicións do Marzo Ambiental na UDC. Gráfica (a).

Ao final do Servizo de préstamo de bicicletas do curso 2023/2024, as persoas usuarias cubriron unha enquisa para coñecermos o uso real que fixeran da bicicleta emprestada, así como a súa opinión ao respecto do servizo proporcionado pola UDC. Por tanto, estamos ante a medición, unha vez finalizado o préstamo, da efectividade real do servizo de préstamo de bicicletas. O número de enquisas recollidas no curso 2023/2024 foi de 42, que global deron unha puntuación media ao servizo de 4,36 sobre 5 puntos. Gráfica (b).

Outra cuestión avaliada no curso 2023/2024 foi a valoración do persoal bolseiro da súa Bolsa de colaboración Green Campus e Oficina. Recibíronse 13 participacións de 15 totais. No formulario anónimo recollíanse as impresións sobre a dirección, a coordinación, a comunicación e as actividades organizadas. A valoración global foi moi boa, asígnouse unha nota media de 4,0 (sobre 5). Gráfica (c).



Gráficas coa valoración de aspectos desenvolto pola OdS: (a) Marzo Ambiental 2024, (b) Servizo de préstamo de bicicletas, (c) Bolsas de colaboración OdS e Green Campus.



UNIVERSIDADE DA CORUÑA